

RESOLUCIÓN do x de xx de 2025 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convocan licenzas por formación non retribuídas para o curso académico 2025/26 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as bases de concesión.

A función docente constitúe un factor esencial da calidade da educación e, para o seu adecuado desenvolvemento, a formación do profesorado é unha peza clave. Por outra banda, a función docente experimentou unha notable transformación nos últimos anos, transformación que vai parella aos novos retos que ten que afrontar o sistema educativo. Neste contexto, a oferta formativa debe, por unha banda, coordinarse cos grandes obxectivos e programas da política educativa e, por outra, facer que o profesorado participe, permitíndolle implicarse de forma activa na mellora das súas competencias, de xeito que se fomente a creatividade, a capacidade de innovación e, en resumo, que agrome o talento existente.

Neste sentido, os cambios derivados do desenvolvemento do Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (en diante, LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, tratan de que a formación permanente responda, tanto nas súas estruturas como nos seus plans e nas accións concretas, a unha vocación de apoio constante na mellora da función docente do profesorado galego.

No marco normativo estatal, a LOE dedica o seu título III a salientar o protagonismo que debe adquirir o profesorado no sistema educativo actual, cunha atención prioritaria á súa formación inicial e permanente. Esta lei establece, no seu artigo 102, que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros, coa finalidade, entre outras, de prever a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas.

Ademais da formación anual programada e desenvolvida polas estruturas de formación a través de actividades individuais e de centro para o profesorado, é conveniente ofertar unha modalidade formativa máis longa nun contexto de implicación activa do profesorado no seu deseño e de acordo coas principais liñas de traballo marcadas para o sistema educativo.

Polo anteriormente exposto, de conformidade coas competencias atribuídas polo Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería),

RESOLVO:

Primeiro. Obxecto e persoas destinatarias

1. Esta resolución ten por obxecto establecer e regular as licenzas por formación non retribuídas, así como establecer as bases reguladoras polas que se rexerán tanto a súa convocatoria como a execución das mesmas durante o curso académico 2025/26.
2. As licenzas establecidas nesta resolución diríxense ao persoal docente que pertence aos corpos que imparten as ensinanzas establecidas na LOE, destinado este ano en centros educativos públicos dependentes da Consellería.

Segundo. Características e períodos de desenvolvemento das licenzas non retribuídas.

Son licenzas non retribuídas aquelas que permiten durante un tempo determinado dedicarse a completar estudos de carácter académico que melloren a formación do profesorado ou a investigación en aspectos educativos. Poden concederse por períodos ininterrompidos de ata cinco meses (de 15 de setembro a xaneiro ou de febreiro a xuño), ou polo total do período de licenzas por formación, é dicir, do 15 de setembro de 2025 ao 30 de xuño de 2026.

Esta modalidade de licenza, de carácter individual, terá a finalidade referida nas seguintes submodalidades:

Submodalidade a. A realización de estudos de carácter académico conducentes á obtención de titulacións universitarias de grao ou equivalente, mestrado ou doutoramento universitario que, no caso dos corpos diferentes do corpo de mestres, deberá ser distinto do que acredite a formación pedagóxica e didáctica, de acordo co esixido polos artigos 94, 95 e 97 da LOE. Estes estudos estarán relacionados con áreas, ciclos ou especialidades do sistema educativo galego. O número de créditos a realizar deberá ser, como mínimo, o sinalado a continuación:

- Titulación de grao ou equivalente: 50 créditos para as licenzas de curso completo, (de 15 de setembro do 2025 a 30 de xuño de 2026) e 20 créditos para as licenzas dun dos períodos parciais (de 15 de setembro do 2025 a xaneiro de 2026 ou de febreiro a xuño de 2026).
- Programas de mestrado oficial ou doutoramento: 20 créditos para as licenzas de curso completo, (de 15 de setembro do 2025 a 30 de xuño de 2026) e 12 créditos para as licenzas dun dos períodos parciais (de 15 de setembro de 2025 a xaneiro de 2026 ou de febreiro a xuño de 2026).

Submodalidade b. Realizar proxectos ou actividades orixinais e inéditas, realizados de maneira individual, que teñan por obxecto investigacións que estean directamente relacionadas co traballo que realizan as persoas solicitantes ou que poidan resultar de interese para o sistema educativo galego.

Así, poderanse conceder as licenzas sen retribución económica ás persoas aspirantes que cumpran os requisitos xerais establecidos nesta convocatoria, todo iso supeditado ás necesidades de servizo.

Terceiro. Requisitos das persoas candidatas

1. As persoas candidatas deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Persoal docente funcionario de carreira.

1º. Estaren en situación de servizo activo e prestando servizos ininterrompidos durante os cursos 2023/24 e 2024/25, agás no caso de estar en situación de excedencia por coidado dun familiar, que a efectos desta convocatoria, computará como servizo activo e no 2025/26 seguiren tendo destino e exercendo docencia directa con alumnado en centros docentes educativos dependentes da Consellería.

2º. Non teren destino en comisión de servizos durante o curso 2025/26, agás o profesorado destinado en centros de ensinanza artística superior, o persoal das escolas oficiais de idiomas e o que estea a gozar dunha comisión de servizos por conciliación da vida familiar e laboral ou por motivos de saúde.

3º. Cando as persoas participantes fosen beneficiarias dunha licenza por formación nalgunha das tres últimas convocatorias, a obtención da cualificación de apto no traballo desenvolvido será condición indispensable para a obtención dunha licenza nesta convocatoria.

b) Persoal docente funcionario en prácticas: poderá solicitar unha licenza por formación en todo caso, pero non poderá gozar dela no período efectivo das prácticas.

c) Persoal docente interino: para estes efectos entenderase como profesorado interino unicamente aquelas persoas que teñan nomeamento como tal ata o remate do curso académico correspondente.

2. O profesorado solicitante deberá contar e acreditar a competencia suficiente no manexo das aplicacións e ferramentas que van utilizar para a elaboración dos materiais de maneira autónoma para un traballo independente e autorregulado.

Cuarto. Solicitudes e documentación

1. As persoas solicitantes deberán cubrir de maneira obrigatoria a súa solicitude de participación, única e para unha soa submodalidade, a través da aplicación Fprofe (<https://www.edu.xunta.gal/fprofe>). Nesta aplicación cubriranse e cargaranse, nun único arquivo (comprimido en zip se son varios arquivos), cun límite de 120 Mb, o proxecto de traballo segundo o anexo I.

2. Unha vez finalizada a solicitude, a aplicación Fprofe xerará automaticamente o anexo II, que deberá enviarse á Consellería, Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e presentarse obrigatoriedade por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar, no apartado 'Asunto relacionado', coa denominación 'Licenzas por formación', xunto co proxecto de traballo (anexo I).

3. Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes comezará o día da publicación desta resolución no portal educativo e rematará o día xx de xxx de 2025, inclusive.

Sexto. Comisión de selección

1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Centros, ou persoa en que delegue.

Vogais:

- a persoa titular do Servizo de Programas de Formación,
- a persoa titular da Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa,
- a persoa titular da Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente, Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas,
- a persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo,
- a persoa titular da Subdirección Xeral de Cualificación

Secretaría: unha persoa funcionaria da Consellería, que actuará con voz e sen voto.

Os sindicatos integrantes da Mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear unha persoa representante para asistir ás sesións da comisión.

A comisión, para os efectos dun mellor coñecemento e unha mellor valoración das solicitudes, poderá realizar peticións de informes, a través da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, á Inspección educativa ou ás persoas especialistas da Consellería.

2. As funcións da comisión serán comprobar se as solicitudes cumpren os requisitos establecidos nesta convocatoria e verificar que o proxecto de traballo presentado se axusta ao establecido no anexo I desta convocatoria para cada unha das submodalidades.

A comisión poderá dispor a constitución de equipos técnicos de análise e valoración.

3. Esta comisión estará incluída na categoría que corresponda para os efectos do previsto na Resolución do 24 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de novembro de 2023, polo que se actualizan os importes das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia (DOG do 1 de decembro de 2023).

Sétimo. Resolución provisional

1. A comisión de selección, analizadas as solicitudes presentadas, publicará unha resolución provisional coas persoas admitidas e excluídas, segundo corresponda, no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.gal/>).

2. Logo da publicación da resolución provisional abrirase un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ante a presidencia da comisión.

No mesmo prazo establecido no parágrafo anterior presentaranse as posibles renuncias á concesión das licenzas, dirixidas á presidencia da mencionada comisión de selección.

Oitavo. Resolución definitiva

1. Logo de resoltas as reclamacións, e atendidas as renuncias, no seu caso presentadas, a comisión de selección remitirá ao director xeral de Centros e Recursos Humanos a proposta de resolución da concesión de licenzas por formación, xunto coa acta ou as actas definitivas, así como a relación final de persoas beneficiarias das licenzas. A resolución definitiva da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/>).

2. Unha vez resolta esta convocatoria, só se admitirán renuncias ás licenzas concedidas e modificacións no desenvolvemento do proxecto aprobado en casos excepcionais e libremente valorados pola Consellería.

As solicitudes de renuncia á licenza concedida ou de calquera modificación que se desexe introducir nelas deberán dirixirse, previamente e por escrito, á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. En ningún caso poderán introducirse modificacións nas licenzas sen a correspondente resolución de autorización da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás licenzas por formación especificadas nesta orde será de tres meses desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Noveno. Obrigas das persoas beneficiarias

Durante o período de duración da licenza, as persoas beneficiarias asumen a obriga de entregar os documentos que se detallan a continuación para cada submodalidade nos prazos establecidos nesta convocatoria, para facilitar o labor de seguimento correspondente e de seguir, cando cumpra, as súas indicacións.

Realizarase unha valoración final que lles será comunicada ás persoas beneficiarias. Esta valoración será de 'apto' ou 'non apto' en función de que a persoa beneficiaria cumprise ou non os obxectivos indicados no proxecto presentado xunto coa solicitude de licenza por formación. Así mesmo, poderase obter a valoración de 'non apto' se non se cumpre o

compromiso de entregas recollido no proxecto. A valoración de 'non apto' impedirá a participación nas tres seguintes convocatorias de licenzas por formación.

A citada documentación enviarase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (Servizo de Programas de Formación), dirixíndose ao correo licenzas.fprofe@edu.xunta.gal e constará dos seguintes elementos:

a) Para submodalidade a:

a.1) As persoas beneficiarias dunha licenza da submodalidade a, licenza por estudos académicos, deberán presentar a certificación acreditativa de estar matriculado no curso para o que solicitaron a licenza antes do 31 de outubro de 2025.

a.2) Finalizado o período de licenza por estudos, deberán presentar a acreditación de asistencia e cualificacións correspondentes aos cursos para os que se lles concedeu a licenza, no prazo dun mes.

b) Para submodalidade b:

Establécense dous prazos de entrega dos materiais previstos e da documentación xustificativa do cumprimento dos obxectivos:

- Unha primeira entrega dun informe do desenvolvemento do proxecto ao finalizar a primeira metade de duración da licenza.
- Unha memoria global do proxecto de traballo desenvolvido no prazo máximo de un mes desde a finalización da licenza. Xunto con esta memoria as persoas beneficiarias deberán entregar a seguinte documentación:

b.1) Unha declaración responsable (da persoa representante da entidade) de posuír, como responsables da autoría, plenos dereitos de divulgación e publicación, reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre a totalidade dos materiais presentados. Esta declaración deberá axustarse ao modelo recollido no anexo III.

b.2) No caso de que se inclúan imaxes de persoas, en aplicación da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, achegaranse as correspondentes autorizacións, que no caso de menores de 14 anos corresponderanlles ás persoas proxenitoras ou responsables, en soporte impreso e electrónico (PDF), debidamente

cubertas e asinadas, segundo o establecido no protocolo de protección de datos da Consellería.

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_proteccion_datos_v1.0.pdf

b.3) As persoas beneficiarias deberán asinar un contrato de cesión de dereitos de explotación dos documentos de apoio ou referencia aportados nos materiais aos que se refire o punto 3 do artigo Décimo Cuarto.

b.4) Os traballos e as investigacións que supoñan unha actuación en centros docentes ou noutras institucións públicas ou privadas xuntarán certificado de conformidade das respectivas direccións, co visto e praxe da Inspección educativa ou autorización das persoas responsables das institucións, nos casos que corresponda.

Décimo. Situación administrativa das persoas beneficiarias

1. As persoas beneficiarias dunha licenza por formación non retribuída consideraranse, para todos os efectos, en situación de servizo activo, aínda que durante o período do seu desenvolvemento non percibirán as súas retribucións, tanto básicas como complementarias.

2. Se unha persoa beneficiaria dunha licenza está de baixa médica ou de permiso por maternidade/paternidade durante o seu desenvolvemento deberá comunicar esta circunstancia á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Esta baixa ou permiso, en función da súa duración, poderá dar lugar a unha modificación da licenza ou, cando proceda, a unha revogación dela cando quede acreditada a imposibilidade de continuar o traballo obxecto da licenza.

Décimo primeiro. Incompatibilidades

1. A concesión de licenzas é incompatible coa participación ou coordinación, no período comprendido entre o 15 de setembro de 2025 e o 30 de xuño de 2026, en programas europeos, estadias formativas en empresas e actividades formativas no estranxeiro ofrecidas á marxe desta convocatoria.

2. Esta concesión tamén é incompatible coa realización de calquera outra actividade remunerada pública ou privada, sempre que coincida co período do seu desenvolvemento.

3. A persoa solicitante que obteña praza en calquera das convocatorias indicadas no puntos 1 e 2 deberá notificalo con carácter urxente e por escrito á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Décimo segundo. *Responsabilidades por incumprimento*

O incumprimento do disposto nesta convocatoria poderá dar lugar á revogación da licenza ou á incursión en responsabilidades disciplinarias de acordo co establecido no título IX (Réxime disciplinario) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Décimo terceiro. *Seguimento*

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos efectuará o axeitado seguimento e control dos traballos que se realicen durante o período da licenza, polo que poderán solicitar, directamente, a través de entrevista ou por medio da Inspección educativa, información sobre o traballo realizado e sobre o que quede pendente. O incumprimento do recollido no proxecto inicial poderá dar lugar á revogación da licenza por formación.

Décimo cuarto. *Requisitos, características e propiedade dos materiais*

1. Con independencia do recoñecemento da súa autoría, os materiais realizados serán propiedade da Consellería, que reserva para si o dereito de reprodución, distribución e comunicación pública, e poderaos distribuír baixo unha licenza Creative Commons *BY-SA* "recoñecemento"-*"compartir igual"*.

2. Os autores e as autoras, para poderen difundir pola súa conta os devanditos traballos, farán constar na correspondente difusión que o traballo foi realizado durante unha licenza organizada pola Consellería.

3. Os materiais deberán ser de autoría propia e inéditos, porén poidan contar con recursos concretos incrustados procedentes doutras autorías, sempre e cando se utilicen respectando as normas de recoñecemento e compartición CC e teñan unha función ilustrativa ou de relevancia menor no conxunto da obra.

Décimo quinto. *Réxime dos recursos*

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexto. *Información ás persoas interesadas*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter información a través dos seguintes medios:

- a) Na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/>
- b) No teléfono: 881 99 76 35. Cuestións administrativas
- c) No enderezo electrónico: licenzas.fprofe@edu.xunta.gal

Disposición adicional primeira. *Información básica sobre protección de datos persoais*

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e

Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. As persoas beneficiarias das licenzas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos, ou á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/>).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital,

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO I

PROXECTO DE TRABALLO

Licenzas non retribuídas

Submodalidade a. Estudos de carácter académico:

- Título de estudos académicos (grao, mestrado ou equivalente e doutoramento)
- Centro no que proxecta realizar os estudos (nome, domicilio, localidade, provincia, país e teléfono)
- Plan de estudos: curso, materias e créditos que proxecta realizar

Submodalidade b. Proxectos ou actividades de investigación

- Título do proxecto
- Obxectivos
- Xustificación
- Metodoloxía e plan de traballo
- Resultados e previsión de aplicación práctica no marco do ámbito escolar



ANEXO II

(Modelo da solicitude que se cubre na aplicación Fprofe)

PROCEDEMENTO LICENZAS POR FORMACIÓN PARA O PROFESORADO	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	CONCELLO		PROVINCIA	
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO		SEXO	
		@edu.xunta.gal		☐ Home	☐ Muller

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI/NIE
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	

DATOS PROFESIONAIS CORPO OU ESCALA DA PERSOA SOLICITANTE	
--	--

MODALIDADE QUE SOLICITA	
Licenzas non retribuídas	
☐ Submodalidade a. Realización de estudos de carácter académico ☐ Submodalidade b. Realización de proxectos ou actividades orixinais e inéditos	
PERÍODO PARA O QUE SOLICITA A LICENZA POR FORMACIÓN	
Do __ de _____ de 202_	Ao __ de _____ de 202_

Solicitou comisión de servizos para o curso 2025/26?	☐ SI	☐ NON
--	-----------------------------	------------------------------

No caso do persoal funcionario do Corpo de Inspección de Educación, indicárase a materia ou área correspondente ao seu exercicio como docente. No lugar do centro indicarán o servizo de destino e a sede.

DOCUMENTACIÓN
Anexo II debidamente cuberto



- Proxecto de traballo consonte coa modalidade solicitada, segundo o contido do anexo I

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais .
Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE

RESOLUCIÓN do x de xx de 2025 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convocan licenzas por formación non retribuídas para o curso académico 2025/26 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as bases de concesión

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Lugar e data

_____, __ de _____ de 2025



ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Eu _____ con
DNI _____ docente en activo con destino en _____

Declaro responsablemente:

Que posúo, como autor/a do recurso educativo _____
plenos dereitos sobre o material achegado por ser da miña autoría.

No caso de empregar material alleo suxeito a licenzas libres que permitan a súa utilización, o
recurso educativo inclúe expresamente o recoñecemento da autoría e da licenza orixinal.

No caso de empregar material suxeito a dereitos de autor (copyright), achego a autorización
expresa das persoas titulares, conforme ao modelo facilitado pola Consellería, para a súa
incorporación a este recurso educativo e a súa difusión baixo licenza Creative Commons BY-
SA (Recoñecemento – Compartir Igual).

A presente declaración, sen prexuízo do dereito irrenunciable de autoría, recoñece á
Consellería os dereitos non exclusivos de explotación, difusión, comunicación, reprodución,
publicación e divulgación mediante unha licenza libre Creative Commons *BY-SA*,
recoñecemento e compartir igual ou *BY-NC-SA*, se o proxecto inclúe materiais publicados
mediante esa licenza e así o autoriza excepcionalmente a persoa coordinadora no CAFI.

E, para que así conste, asino esta declaración.

Lugar e data _____, _____, de _____ de 202_

Sinatura da persoa declarante